

---

# XOGOS DE IGUALDADE

Forma de xogar e preguntas



---

# ÍNDICE

- Proposta de Carlota
- Proposta de Judith (XOGO CON AROS)
- Proposta de Carla e Daniela(XOGO DE ORIENTACIÓN)
- Proposta de Breixo
- Proposta de Álvaro e Maria




# ***PROPOSTA DE CARLOTA***



# 1. Definición do xogo

- Proposta: Colocamos os equipos (4 ou 5 xogadores por cada un) en cada un dos extremos dunha corda deste xeito (cada unha das frechas indica a posición dun xogador) e dous panos no medio (sinalado coa cor verde):



## 2. Como se xoga?

- A persoa encargada do xogo lanzará unha pregunta ao aire, e, o primer xogador que levante a man terá que responder unha pregunta (seguintes diapositivas). Si a resposta é correcta o pano correspondente ao equipo moverase cara este. En cada ronda o xogador en responder varía (na primeira ronda o que se atopa de primeiro, na 2ª o que se atopa de segundo...). Si unha pregunta queda sin responder os panos quedan na mesma posición e pasarase á seguinte ronda, na que a pregunta será a mesma. O equipo que primeiro consiga que o pano se atope na última persoa (despois da pregunta desta última) será o gañador, finalizando así o xogo.



# ***PROPOSTA DE JUDITH***

---



---

# 1. Definición do xogo

- Proposta: Colocamos no chan 10 aros (máis ou menos) formando unha serpe, os rapaces estarán divididos en dous equipos, cada equipo colocarase nun extremo. Unha persoa de cada equipo comeza a saltar os aros.



---

## 2. Como se xoga?

- Unha persoa de cada equipo comeza a saltar os aros desde o seu extremo correspondente, cando estas dúas persoas etán unha diante da outra. A persoa encargada do xogo fará unha pregunta, e o primeiro que a responda ben sigue xogando, a outra persoa é eliminada.





# PROPOSTA DE CARLA E DANIELA

---



# 1. Definición

- Proposta: Dividiremos ós rapaces en tres grupos (máis ou menos) a cada grupo lle daremos unha pista, que lles levará a un lugar. E o equipo que primeiro remate gaña. Estilo búsqueda do tesouro ou xogo de orientación.



---

## 2. Como se xoga?

- A cada grupo daráselle unha pista que o levará a un lugar, nese lugar terá que haber unha bandeira, e teñen que vir correndo a onde está a/o encargadx do xogo para decirlle de que é. O equipo que primeiro remate con todas as pistas, convertirase no equipo gañador.



# PROPOSTA DE BREIXO

---



# 1. Definición

- Proposta: xogo individual de preguntas, estilo rosco de pasapalabra, onde por cada letra do abecedario farase unha pregunta coa súa respectiva resposta.



## 2. Como se xoga?

Neste xogo cada persoa participa individualmente. Primeiro, colleráse dun bote aparte 5 papeis. Nestes estarán escritas 5 letras do abecedario, as cales a persoa terá que escoitar e adiviñar. Se se dá o caso de coller as mesmas letras (xa que haberá varios papeis coa mesma letra para ter un bo montón), colleráse outro papel con outra letra.

Despois de coller os 5 papeis, faranse as respectivas preguntas, as cales terá que acertar a persoa participante. Segundo acertes de 0 a 5 preguntas, poderás ter un ou outro premio (opcional).




# PROPOSTA DE ÁLVARO E MARIA

---



# 1. Definición

- Proposta: Xogo semellante ó de dúas verdades e unha mentira. Faise un círculo e unha persoa ten que pensar co encargado de este xogo dúas verdades e unha mentira sobre a Presentación da diversidade que fixemos (está subida na Aula Virtual)







## 2. Como se xoga?

- A/O encargadx deste xogo, terá unha serie de ideas apuntadas por se non se lles ocorre ós xogadores. Un xogador vaise do círculo co/a encargadx e escolle dúas verdades e unha mentira sobre a diversidade (presentación que fixemos). Cando chega de novo ó círculo, ten que dicilas (con calquera orde) e os outros xogadores teñen que escoller se é verdade ou mentira, os que fallen dúas veces son eliminados.



---

# TRABALLO REALIZADO POLO EQUIPO DE IGUALDADE DO IES CSA 2020-2021

